

DÚAS MESTRAS NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA: PURA E DORA VÁZQUEZ IGLESIAS

Blanca-Ana Roig Rechou.

Seguindo a liña que prometín inaugurar nesta publicación (dende o nº 11) e que consiste en dar a coñecer a aqueles mestres e mestras que dedicaron parte do seu tempo a escribir para un lectorado non adulto, hoxe quero determe en DORA e PURA VÁZQUEZ IGLESIAS. Dúas mulleres que pertencen a ese grupo de mestras de primeiro ensino que dedicaron parte do seu tempo á creación, para así achegárense mellor ós seus educandos. Fixérono nun momento en que as publicacións en galego dirixidas a estes receptores aínda comezaban a se desenvolver moi timidamente debido a que non había un lectorado destas idades escolarizado en lingua galega. Como é ben sabido non só publicaron para este colectivo lector senón que tamén achegaron as súas creacións ó adulto, como veremos.

A primeira que comezou o labor creador dirixido a un público infantil e xuvenil, foi PURA VÁZQUEZ (1918)¹ (tamén foi a primeira que dirixiu os seus escritos tanto en prosa

(1) Pura Vázquez Iglesias naceu o día 30 de marzo en Ourense, onde vive na actualidade. Na súa cidade natal estudou Bacharelato Universitario e Maxisterio. Gañou as oposicións ó corpo de Mestres Nacionais de Primeiro Ensino e, despois de exercer docencia en Galicia, solicitou destino, por motivos de saúde, primeiro a Armuña (Segovia) e logo a Madrid, ó Colexio Nacional "San Cristobal", onde casou e viviu ata que no 1985 volveu á súa terra natal para gozar da súa xubilación. Compaxinou a súa profesión con estadas no estranxeiro. Así, en Caracas, rexentou o *kindergarten* do Grupo escolar "El Libertador", de Chaco (Estado de Miranda), dirixiu o Arquivo Fotográfico do Instituto Nacional de Cooperación Educativa (INCE), ademais estivo catro anos na Universidade Central de Venezuela como secretaria da Escola de Periodismo, dependente naquel entón da Facultade de Humanidades da Universidade Central de Caracas, e dous anos na Reaseguradora Nacional daquel país. Compaxinou o seu traballo profesional coa participación activa no desenvolvemento cultural de España e así asistiu ós faladoiros ou tertulias máis importantes de Segovia (Café Castilla) e logo do Madrid da súa época, como a do "Lion d'Or", presidido por Ramón Cabanillas e a do "Café Gijón", no que participaban Gerardo Diego, C. J. Cela, García Nieto, López Anglada, os irmáns Murciano, Leopoldo de Luís. Participou en recitais poéticos, programas de Radio e TVE. É membro correspondente da Real Academia Galega (1949). Foi membro da Asociación Xeral de Autores de España no xénero "Letras de Canción Moderna". O cumpri-las "bodas de ouro coa literatura" foi obxecto de moitas e sentidas homenaxes por parte dos "cenáculos literarios e as corporacións públicas ourensás", como sinalou Xulio Francisco Ogando Váz-

coma en verso ós adultos²) e fíxoo primeiramente en castelán e máis tarde nas dúas linguas. En castelán publicou, no ano 1952, *Columpio de Luna y sol (poesía infantil)*³. Obra na que se observa, como ben apuntou García Padrino⁴, unha recuperación das categorías infantís, en composicións onde recrea a poetisa un particular achegamento á personalidade do neno, á súa realidade na escola, nos seus xogos, coas personaxes típicas “-ou tópicas-” que o rodean, os animais, as paisaxes e o mundo dos soños. Aparece este poemario, como se pode deducir pola data de publicación, nun momento non moi propicio para a creación, debido ás circunstancias históricas polas que pasaba o país, nun momento de inicio da recuperación cultural de España despois da Guerra Civil e no que os textos que se empregaban nas escolas eran tan só recolleitas de lírica folclórica, xa resesas, xa de recente publicación, e eran moi poucos os poemarios que irrumpían no panorama literario cunha renouada sensibilidade poética cara ó mundo infantil. Por iso, o feito de que unha galega forme parte dese grupo de escritores e escritoras, como Palmira Jaqueti, Alfredo Marquerie, Celia

quez (“Prólogo”, *Poesía de Pura Vázquez*, Ourense: Caixa Aforros, 1995), entre os que salienta: O círculo Azor, O grupo Dolmen, as Mulleres traballadoras, O Liceo e tamén por parte do Concello de Ourense, a Xunta de Galicia e mesmo Caixa Ourense. Con motivo destas homenaxes publicáronse varias obras nas que se fai un percorrido pola súa bio-biografía e se estudian en profundidade aspectos dela. Son un bo exemplo a obra citada de X. F. Ogando ou o número 12, extra, da revista *Festa da palabra silenciada* (1996). Son de salientar tamén recoñecementos doutro tipo como, por exemplo, a concesión do premio de Creación Cultural Feminina (Xunta de Galicia, 1993), a concesión da Medalla Castelao (1995), Premio Trasalba 1996, ou o poñerlle o nome da escritora (xuntamente co da súa irmá) a unha rúa da súa cidade natal, etc.

(2) A súa obra dirixida a un lectorado non infantil é moi variada, tanto en castelán coma en galego.

En castelán publicou uns dezaioito volumes: 1943, *Peregrino de Amor* (poesía en galego e castelán, Africa: Larache); 1944, *Márgenes veladas* (Ourense: Deputación Provincial, 22 xullo); 1948, *En torno a la voz* (Ourense); 1951, *Madrugada fronda* (Madrid: colec. Palma); 1951, *Desde la niebla* (accésit premio Boscán, Segovia: Casa de amigos de Antonio Machado); 1952, *Tiempo mío* (Segovia: Casa de Amigos de Antonio Machado, Madrid: col. Palma, 2ª ed. 1952); 1955, *Destinos* (Caracas: Lírica hispánica); 1956, *Mañana del amor* (Barcelona: Ed. Surco/Centro galego de Barcelona); 1959, *13 poemas a mi sombra* (Caracas: Ed. Arte); 1966, *Presencia de Venezuela* (Caracas: Lírica Hispánica); 1971, *Los poetas* (Ourense: Concello de Ourense/Le Región, xunto coa súa irmá Dora); 1974, *Los sueños desandados* (Bilbao: Comunicación literaria de autores); 1985, *Contacto humano del recuerdo* (Barcelona: Ed. Rondas); 1995, *Río de la memoria* (libro de poesía castellana, publicado en *Poesía de Pura Vázquez*, Ourense 1995, citado na nota anterior, no que se recollen poemas publicados en revistas e prensa entre 1936 e 1992).

A autora, á parte das obras infantís que comentaremos neste traballo, recolleu en Antoloxías parte da súa obra en castelán, por exemplo: 1990. *Antología (poesía castellana, 1944-1985)*, (Ourense: Gutemberg).

En galego os poemarios publicados por Pura Vázquez foron: 1952, *Intimas* (Lugo: Xistral); 1955, *Maturidade* (Buenos Aires: Centro Gallego de Buenos Aires/Ediciones Galicia); 1963, *A saudade e outros poemas* (Vigo: Galaxia); 1971, *O desacougo* (Vigo: Galaxia); 1992, *Verbas na edra no vento* (A Coruña: Edición do Castro) e *Zodiaco poesía bilingüe* (Ourense: Gráficas Gutenberg); 1993, *Man que escribiu no mar (poesía galega)*, Ourense: Gráficas Gutemberg) e *Ardente identidade* (carpeta ilustrada, Xunta de Galicia); 1994, *Se digo Ourense* (Excmo. Concello de Ourense); 1995, *A idade dos mansíos me dobrega (libro de poesía galega)*, recollido en *Poesía de Pura Vázquez* (Ourense 1995, cit.) e *Orballa en tempo lento* (A Coruña: Espiral maior) A obra poética en galego tamén foi recollida pola autora nas antoloxías seguintes: 1991, *Antoloxía (poesía galega), 1952-1971*, na que se reproducen composicións dos poemarios, *Intimas, Maturidade, A saudade i outros poemas, O Desacougo e Oriolos neneiros* Ourense: Ed. da autora, Gráficas Gutenberg); 1994, *A carón de min (nova antoloxía poética)*, cun “Limiar” de Víctor Campio e na que se reproducen poemas inéditos e outros xa publicados (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Presidencia).

Obra narrativa: 1978, pp. 3-93, “Segundo Pereira” en *Días novelas galegas* (Ourense: La Región); 1996, *Os de Aldán foron a América* (Ourense: Deputación de Ourense).

(3) Madrid: Ediciones Boris Bureba.

(4) Jaime García Padrino, *Libros y literatura para niños en la España contemporánea*, Madrid: Ediciones Pirámide/Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1992, p. 524.

Viñas, Gloria Fuertes, etc., que inician este tipo de creación, é de grande importancia. Tamén é de importancia a consideración que Pura Vázquez tiña entre os estudiosos do momento. Son un bo exemplo declaracións como as de Gerardo Diego no seu artigo “Tiempo y Mujer”⁵, no que, despois de se referir á reunión que tiveron no Centro Gallego de Madrid, a iniciativa de Dionisio Gamallo Fierros, un grupo de intelectuais para render homenaxe a tres poetisas galegas (Luz Pozo, Pura Vázquez e Pilar Vázquez Cuesta), dicía, ó falar de Pura Vázquez, que era “la de la obra más extensa y fecunda”, e ó se referir a *Columpio de luna a Sol* di que

Pura Vázquez sabe hablarles en verso en su misma lengua y contarles y cantarles las deliciosas puerilidades de su *Columpio de luna a Sol*

A produción infantil castelá de Pura Vázquez foi moi recoñecida polos estudiosos e estudiosas do momento que se dedicaban a analizar esta literatura de xénero, como o demostran as opinións de Carmen Bravo-Villasante ou Carolina del Toral, autoras de dúas obras fundamentais para o estudo da literatura infantil española: *Historia de la Literatura infantil española* e *Literatura infantil española (Apuntes para su historia)*⁶ e o feito de ser incluída na antoloxía *Niños y alas* (Antoloxía de poemas para nenos) realizada baixo a dirección de Ismael Rodríguez Bou⁷.

Carmen Bravo-Villasante salienta que estamos diante dun poemario “en estilo juguetón y moderno”, cuns poemas que son “un logro perfecto” e xa non no caso frecuente, no momento, dun poeta que escribe poemas illados para nenos (p. 157).

Pura Vázquez trae para o galego esa forma de facer poesía infantil, e así, no 1968, publica en Ourense, nunha preciosa edición con debuxos do pintor Xaime Quesada, o poemario *Rondas de Norte a Sur. Poesía infantil*⁸, que consta de dúas partes. A primeira, “Rondas de norte a sur”, está composta por poemas en castelán, e a segunda, “Versos prós nenos da aldea” (Galicia 1966), consta de cinco apartados “O mundo animal”, “O mundo das cousas”, “O paisaxe”, “A noite, o berce, a cantiga” e “O mundo da ledicia”, con breves poemas que glosan a temática á que se alude nos títulos.

Foi este un poemario moi ben acollido pola crítica do momento que salientou nel a vivencia coincidente co neno que levamos dentro, o feito de que os poemas suxiren máis do que expresan e de glosaren o ambiente no que o neno se desenvolve. Como se pode ler en traballos feitos por comentaristas da súa obra. Son un bo exemplo as palabras de Abelardo Santorum:

Este libro es un regalo del espíritu y un alarde editorial. No está ausente de ningún poema la pincelada maestra; la vivencia coincidente con nuestra apetencia espiritual, con el niño que llevamos dentro, algo que hubiéramos querido decir que tal vez lo hayamos dicho, que tal vez lo hayamos soñado. Los poemas son un puñado de semillas, porque con decir mucho, es más lo que sugieren que lo que expresan⁹.

(5) *ABC*, 9 abril 1953.

(6) Madrid: Revista de Occidente 1959 e Ed. Doncel (as seguintes ata a última: 1983⁴) e Madrid: Conculsa, 1957, 2 vols. con presentación de Nicolás González Ruíz, respectivamente.

(7) 2 vols., Puerto Rico: Talleres de Artes Gráficas do Departamento de Instrucción Pública, 1958, pp. 197, 257, 283, 297, 374, 559.

(8) Ourense: Ediciones de la Caja de Ahorros de Orense.

(9) “Índice de lecturas”, *La Región*, 19 xullo 1968.

Ou as da súa irmá, Dora Vázquez, quen fai fincapé na parte galega:

Donde Pura se vuelca poéticamente es, a mi parecer, en “VERSOS PROS NENOS DA ALDEA”. El niño gallego encontrará en ellos su mundo, el ambiente en que vive y crece y se despierta, el que contempla y toca cada día. Debo de agregar que este libro fué escrito por Pura durante una de sus estancias en Caracas. Lejos de la Tierra, de la Patria, pensando en los niños de España y en los de su tierra gallega¹⁰.

Ou as de Anxo Novo, quen afirmaba que:

Se trata, cosa verdaderamente enternecedora, de un libro de versos para niños. Un libro bilingüe, donde Pura Vázquez muestra esa soltura, esa facilidad de los buenos poetas de su tierra para componer en dos idiomas. “Rondas de Norte a Sur” se llama la primera parte, la castellana. “Versos pros nenos da aldea” se denomina la gallega. En su tierra, para muchos ha llegado la especie de que Pura Vázquez es la voz femenina de mayor calidad que la lírica gallega ha poseído desde Rosalía, lo que parece muy cierto¹¹.

Con este libro, *Rondas de Norte a Sur*, no que practica con acerto todo tipo de xogos lingüísticos e poéticos, inicia Pura Vázquez a moderna poesía infantil galega.

No 1974, sen deixar, como veremos, o mundo poético, penetra no mundo teatral infantil publicando coa súa irmá Dora *Monicreques*¹², volume formado por tres pezas, *O paxaro azul* e *O trasno enredador*, de Pura, e *A nena que iba a busca dun corazón*, de Dora¹³. Todas elas constan dun acto dividido en tres escenas que se realizan no mesmo decorado. Primeiro dáse unha descrición da personaxe e dos decorados (luz, música, reparto), para logo desenvolve-la acción teatral da peza. A crítica resaltou no momento da súa publicación a linguaxe sinxela, a poesía que envolve as pezas e a tenrura e inxenuidade que envolve ás personaxes infantís, así como a súa condición de excelentes exemplos para exercicios dramáticos escolares¹⁴.

As pezas de Pura Vázquez *O paxaro azul*¹⁵ (na que só os nenos teñen o privilexo de ver e escoita-lo paxaro) e *O trasno enredador*¹⁶ (no que se desenvolve a loita infantil sobre quen foi o primeiro en atopalo pallaso e a súa partición á metade) responden claramente ó dito máis arriba. Nelas transmítense valores tradicionais polo que se refire ós diferentes roles dos nenos e das nenas, por exemplo¹⁷. A crítica do momento tamén lle dedicou as súas louvanzas e salientou a linguaxe empregada e a tenrura no desenvolvemento¹⁸.

(10) *El Ideal Gallego*, agosto 1968.

(11) “Espejo cóncavo. *Rondas de Norte a Sur*”, *Diario Arriba*, julio 1968.

(12) Ourense: *La Región*. Estas pezas teatrais foron traducidas ó castelán polas autoras e publicadas no volume *Fantasías infantiles. Cuentos-Teatro*, con ilustracións de María Teresa Villalva e portada de Luis Cid, Ourense: La Región, 1980.

(13) Non se trata pois “dunha peza teatral” feita en colaboración con Dora Vázquez, como se di no *Diccionario da Literatura. I. Autores*, Vigo: Gálaxia, 1994, p. 601 (voz: Vázquez Iglesias, Pura).

(14) Alvarado, *La Región*, 7 abril 1974; S.S. *Faro de Vigo*, 12 abril 1974;

(15) Na versión castelá, esta obra mereceu un diploma acreditativo de obte-lo 1º accésit no XII Certamen Infantil de Teatro Nacional, 1974, e foi representada polos nenos e nenas do Colexio Nacional “San Cristobal” do P.M.M., no teatro do Parque Móvil de Madrid.

(16) A versión castelá desta obra mereceu Diploma de Mención Honorífica no XI Certamen Nacional, fase provincial, de teatro infantil, en xuño de 1975. Representada polos nenos e nenas do Colexio “San Cristobal” do P.M.M. no teatro do Parque Móvil de Madrid.

(17) Ver Carmen Blanco, *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 202.

(18) *Faro de Vigo*, 14 decembro 1974.

A parte correspondente a Dora, *A nena que iba en busca dun corazón*, da que a autora fixo unha versión castelá merecedora da “Primera Mención Honorífica” no II Concurso de Literatura do Ministerio de Educación y Ciencia (1971), convocado pola sección de Acción Social, desenvolve a trama ó redor da necesidade dunha nena de cambia-lo seu corazón por un máis pequeno, a busca do doador, os axudantes do camiño e a doazón realizada polo neno Xesús. Desenvolvemento social e proceso relixioso son os temas tratados con tenrura e inxenuidade, como sinalou no seu momento M. Betanzos Santos¹⁹:

En Dora Vázquez con su “A nena que iba en busca dun corazón” se nos da un desarrollo social, un proceso religioso. Una niña quiere cambiar su corazón. Es éste un concepto modernista? Dario, Poe?.. Estas obras de teatro gallego son novísimas en la literatura contemporánea española. Un renacer de la lengua gallega en diálogo y canto en prosa que nos llega hondo.

O ano seguinte, 1975, tamén coa súa irmá Dora, volve a publicar un poemario, *Oriolos neneiros. Poesía infantil galega*²⁰, dedicado

Pra un neno, neniño, neno....

Pra unha nena, neniña, nena...

dedicatoria na que podemos dicir que inicia a linguaxe non sexista tan de actualidade agora mesmo. A obra divídese en dúas partes, a primeira está constituída polos versos de Pura Vázquez: un conxunto de poemas nos que Carmen Blanco²¹ salienta o emprego de imaxes de vangarda hilozoísta, por máis que, ben mirado esas imaxes animistas están na cerna da literatura infantil.

A segunda parte constitúena os poemas de Dora. Neles séguense as pautas temáticas e formais da lírica de transmisión oral, punto de partida da poesía infantil de autor. Fan as autoras un percorrido polas nanas, os xogos dos primeiros anos, xogos rítmicos, en xeral, para logo pasar ás cantigas de Nadal, etc., pero tamén ofrecen composicións nas que lles interesa xogar poeticamente coas palabras e crear imaxes modernas adaptadas ó público infantil, como xa fixeron nos poemarios anteriores. Así, atopamos poemas cheos de xogos lingüísticos, ecolalias, onomatopeas, enumeracións, comparacións, etc., co que demostran unha gran sensibilidade poética.

Tamén esta obra mereceu moitos eloxios e comentarios no momento da súa publicación. Neles salientase a súa transparencia, tenrura, sinxeleza, sentido popular, etc, como se pode ler nun artigo aparecido en *La Región* no que se di:

En la segunda parte, Dora Vázquez incluye un conjunto de treinta y cuatro poemas definitivamente dedicados y pensados como poesía infantil, sencilla y narrativa²².

Ou noutro aparecido en *El Faro de Vigo*, onde se comenta que se trata de:

(19) *Boreal* 6, abril 1975.

(20) Ourense: La Región, con ilustracións do ourensán Luís Cid Fernández. É preciso chama-la atención aquí dun erro, é de supoñer, tipográfico, que aparece en Dolores Vilavedra (Coord.), *Diccionario da Literatura galega. I. Autores*, ob. cit., ó se referir á voz Vázquez Iglesias, Pura, xa que se data esta obra no 1974 (p. 601), mentres que na voz: Vázquez Iglesias, Dora (p. 600) dátase no 1975, que é a verdadeira, como consta no volume.

(21) *Literatura galega da muller*, cit., p. 203.

(22) *La Región* 22 abril 1975.

Un libro de poemas escrito, no en colaboración, sino conjuntamente, en que la línea no se quiebra sino que se completa en una plena identificación de afanes y querencias²³.

Ou no artigo de T. Cid Fernández no que se pode le-lo seguinte:

Pura e Dora Vázquez ofrecen en esta obra una ráfaga de poesía transparente, con inconfundible ternura feminina que acentúa la gracia de todos y cada uno de los poemas²⁴.

Ou, por fin, nas declaracións seguintes de F. A. e M.:

Algunas rondas son deliciosas y algunos poemas esconden una ternura honda donde el dolor también aflora sin intentarlo. Todo lo cual da el candor que flota en la atmosfera poética que sugiere esos vagos ambientes purísimos boticelianos... Versos tambien breves, conscientes de su sentido popular infantil²⁵.

No 1980, de novo coa súa irmá Dora, publica *Ronseles. Teatro infantil galego*²⁶, composto por catro pezas. As dúas primeiras, *A estrelíña na terra* e *O anel de Pirompiña*, de Pura, e *Don rato busca un obreiro* (obra que merecera unha mención, no I Concurso de teatro galego infantil O Facho, 1973)²⁷ e *Xuicio no bosque ou soñar non costa nada*, de Dora. Agora, as autoras botan man de tódolos arquetipos infantís (animais, nenos bos e malos, fenómenos da natureza, bruxas, magos, raíñas) e mesmo de nomes dos contos de transmisión oral (Polgariño, Branca Neves, Carapuchiña, etc.). Como sempre, hai un intento de transmiti-los denominados valores positivos (amizade, solidariedade, humildade), fronte dos negativos provenientes da diferenciación das persoas polos cartos, rivalidades entre os nenos e nenas, etc. Todas estas pezas son fáciles de representar, teñen movemento e unha linguaxe adecuada, sen complicación estrutural, e con elas estas dúas mestras axudaron a crea-lo chamado teatro escolar tan activo nestes anos²⁸.

No 1985 deu Pura Vázquez un novo paso e penetrou na narrativa infantil, aínda que sen deixa-la poesía, xénero no que se desenvolve con maior soltura. Neste ano publicou, tamén en colaboración coa súa irmá, *Viaxe ó país dos contos e da poesía*²⁹, un volume composto por poemas e narracións nos que se repiten os temas e formas poéticas anteriores. Nas palabras coas que as autoras abren o volume salientan a súa preocupación por non presentar un libro didáctico senón recreativo

que tivera fantasía e imaxinación, para que pasedes algún tempo lendo nel contos e poemas con gusto, sin ter que facer actividades ou exercicios que tedes obrigación de facer nos libros de escola.

Conseguen o obxectivo en moitos dos poemas e contos, aínda que introducen vocabularios aclaratorios. Seguen as liñas formais e temáticas das obras anteriores, introducindo a modernidade ó lado da tradición, e polo tanto aparecen o bosque, as paisaxes bucólicas, os valores clásicos no comportamento infantil, etc.

(23) 29 abril 1975.

(24) *La Voz de Galicia*, 13 xullo 1975.

(25) *Poesía Hispánica*, outono 1975.

(26) Ourense: La Región.

(27) Esta obra aparece traducida na obra, xa citada *Fantasías infantiles. Cuentos-teatro*.

(28) Como se pode deducir do dito máis arriba estamos diante dunhas pezas teatrais da autoría de Pura e Dora Vázquez e non diante dun "poemario" de Pura Vázquez como se di na entrada correspondente de Dolores Vilavedra (Coord.), *Diccionario da Literatura. I. Autores*, cit., p. 601.

(29) Ourense: Caixa de Aforros.

Mostras desta obra de creación de Pura Vázquez, tanto infantil coma xeral, foi recollida en moitas antoloxías nacionais e estranxeiras e a súa bio-bibliografía en varios dicionarios e enciclopedias galegas, españolas, estranxeiras.

Cómpre salientar tamén en Pura Vázquez a súa dimensión de estudiosa da literatura, con numerosos artigos publicados en revistas e xornais españois, galegos e doutras latitudes³⁰. Nos referidos á literatura infantil e xuvenil verte as súas opinións sobre a poesía infantil³¹, a literatura infantil e xuvenil en xeral³², escritores de renome da literatura universal (como por exemplo Andersen³³), e sobre a pintura, a canción, a poesía, os xogos³⁴, como elementos educativos, por citar algúns dos moitos que escribiu. Tamén é de salientalo seu labor de comentarista da actualidade cultural en xeral na prensa diaria. É un bo exemplo desta última dedicación a sección que está a manter nun dos xornais, *O Correo Galego*, da capital de Galicia.

DORA VAZQUEZ (1913)³⁵

Como a súa irmá Pura tamén escribiu para un lectorado adulto³⁶. Como escritora da Literatura infantil e xuvenil deuse a coñecer no ano 1964 cos relatos que forman o volume

-
- (30) Son de citar en Galicia, os xornais: *La Zarpa* (periódico ourensán desaparecido no 1936, onde publicou o seu primeiro poema na entrada da adolescencia), *Galicia* (de Vigo), *La Noche*, *El Ideal Gallego*, *La Voz de Galicia*, *La Región*, etc.; en revistas como *Posío* (1945-1946), *Vida Gallega*, *Vagalume*, *Mensajes de poesía*, *Boletín Galego de Literatura*, *Festa da palabra silenciada*, etc. En España, nos xornais: *ABC*, *Informaciones*, etc. e nas revistas: *El Magisterio Español*, *Escuela Española*, *Estafeta Literaria*, *Poesía española*, *Poesía hispánica*, *Mundo hispánico*, *Urogallo*, etc. Nos xornais estranxeiros: *El Nacional* (de Caracas e Ecuador), *El Universal* e *La Esfera* (de Caracas), etc. e nas revistas: *Antorcha*, *Arbol de Fuego*, *Elite*, *Momento*, *Páginas*, *Vida y Letras*, *Poesía*, en Caracas, *La gazzetta de las letras*, de Roma, *Céltica* e *Sísifo*, de Portugal, *Boreal*, de Canadá, *Puerto Norte y Sur*, de Puerto Rico, *Alalud*, de California, Revistas das casas galegas de Bos Aires, Caracas, Uruguái, Nova York e nas *Shell* e *Creole* das petroleiras venezolanas; á parte dos citados e citadas neste traballo.
- (31) V., por exemplo, “Niños y alas”, *El Ideal Gallego*, 28 maio 1964; “Defensa de la poesía infantil”, *Escuela Española*, Xuño 1971, pp. 16-17; “O diminutivo na poesía galega”, *La Voz de Galicia*, “Artes e Letras”, 27 xuño 1976.
- (32) V., por exemplo, “La Literatura y los niños”, *Escuela Española*, 17 setembro 1971, pp. 1 e ss.
- (33) “El fabuloso Andersen”, *El Ideal Gallego*, 30 xaneiro 1966.
- (34) V., por exemplo, “Parques para niños”, *La Noche*, 9 setembro 1941; “Pintura infantil”, *El Ideal Gallego*, 11 decembro 1962; “La canción de la infancia”, 9 agosto 1963; “Los juegos de los niños”, *Escuela Española*, 28 Outubro 1970.
- (35) Dora Vázquez Iglesias naceu o 21 de agosto en Ourense, pero os seus primeiros estudos fíxoos na Coruña, onde viviu dende os 6 ós 13 anos. Despois de pasar uns anos en Quiroga (Lugo) volveu para Ourense e con 17 anos ingresou na Escola Normal da cidade. Fíxose Mestra Nacional nos “Cursillos” do ano 1933, pasando axiña a exercer-la docencia en Teimende (Parada do Sil-Ourense) por un período de 18 anos. Despois pasou a Larín (Arteixo, A Coruña) por outros 15 anos. Casou cun compañeiro de profesión e tivo dous fillos: Antonio Alejo e Abelardo. Na actualidade, viúva e xubilada, vive en Ourense coa súa irmá Pura. Como a súa irmá, compaxinou o seu traballo profesional coa participación activa no desenvolvemento cultural do seu país e así non só realizou escritos de temática diversa senón que tamén participou en emisións de radio, como “Sempre en Galicia”, no “Boletín da Sociedad Hermandad Gallega”, en Caracas e “Emisión Bazán” en RNE, da Coruña, etc.
- (36) A súa obra de creación dirixida ós adultos consta dos seguintes títulos, á parte dos publicados coa súa irmá: Poesía: 1969, *Un poema cada mes* (Ourense: La Región, publicados con anterioridade, no mesmo ano, en *La Noche*); 1970, *Irmá* (Ourense: La Región). Hai unha 2ª ed, 1996 que presenta algunha variante en relación coa primeira: poemas engadidos e a reprodución das cartas de despedida e benvida á irmá publicadas en *La Noche* (anos 1961 e 1963); 1985, *Oración junto al camino*, (Barcelona: Rondas). Esta obra foi traducida ó

*Palma y corona (historias santas)*³⁷. No 1966 publicou outro título, tamén en castelán, *Caminos de Plata y Sol*³⁸, composto por contos e poemas. Do 1969 coñécese a súa primeira aportación á literatura infantil galega, *Estreliña do mar*, que mereceu o segundo premio no IIº Concurso de Contos infantís “O Facho”, que non se publicará ata o ano 1975, na súa obra *Campo e mar aberto*, como veremos. *Estreliña do mar* marca o inicio dun novo modo de narrar e incide nun cambio dos roles encomendados ós protagonistas. Inaugura ademais, na literatura infantil galega, unha das formas que máis se cultivarán neste período: o conto infantil.

No 1973 publicou *Tres cadros de teatro*³⁹, dedicado “prá xuventude”, tres pezas breves (“Cousas da mocidade”, “O que vai, e o que queda” e “¡Malpocada, a vella!”), de representación moi curta, aínda que non exenta de complicacións escenográficas e ambientais. Cada cadro aparece ben esquematizado no reparto das personaxes e deseño do escenario, e neles preséntanos parcelas da alma galega. Galicia está presente en tódalas escenas e non só na escenografía senón que tamén na caracterización das personaxes. Son varios os comentarios que inciden nesas consideracións. Son de salientar os realizados por Segundo Alvarado, quen recibe a publicación deste xeito:

Tres piezas breves, de representación muy corta, aunque no exenta de complicaciones escenográficas y ambientales, constituyen esta amena edición que, sin duda, será ampliamente divulgada en los centros docentes y pasa a formar parte del acervo literario de nuestro teatro gallego⁴⁰.

ou no que apareceu en *La Voz de Galicia* asinado por Y. e no que se comentaba que:

Las piezas son sensibles, breves y agradables, de fácil representación, en donde se revelan las dotes de observación y penetración psicológica de la autora⁴¹.

ou, por fin, no realizado por M. Betanzos Santos e que di o seguinte:

Cada cuadro aparece bien esquematizado en el reparto de personajes y presentación de escenario, lo que nos sugiere un más amplio desarrollo del mismo tema en estos “Tres Cadros Galegos” de Dora Vázquez, quien presentándonos al mismo tiempo parcelas del alma gallega, nos lleva sentimientos de la poesía a la realidad⁴².

Desenvólvense estas pezas no medio rural e tratan unha temática moi do momento pero tamén de sempre: enfados e separación forzosa dos namorados e problemas que trae a vellez. Neste mesmo ano (1973), como vimos ó falar da obra *Ronseles. Teatro infantil*, que publicou coa súa irmá Pura, obtivo unha mención honorífica no I Concurso de Teatro Infantil “O Facho” con *Don rato busca un obreiro*.

galego no 1995 (Ourense: Gráficas Gutenberg); 1992, *A xeito de Antoloxía* (poemas inéditos e publicados en galego e castelán), Ourense: Gráficas Gutemberg, con composicións de: *Un poema cada mes* (calendario), *Irmá* (poemas de ausencia), *Oriolos neneiros* (poemas infantís) e *Carne da terra* (poemas da terra, inédito) e tamén de poemarios casteláns.

Narrativa: 1971, *Bergantiñá* (Ourense: La Región, 2ª ed. 1972; 1978, “Augas Soltas” en *Dúas novelas galegas. Segundo Pereira de Pura Vázquez e Augas soltas de Dora Vázquez*, (Ourense: La Región).

(37) Madrid: Ed. Escuela Española. Autorizada para uso nas escolas.

(38) Ourense: Editora Comercial.

(39) Ourense: La Región.

(40) Segundo Alvarado, *La Región*, 9 setembro 1973.

(41) Y., *La Voz de Galicia*, 19 outubro 1973.

(42) Betanzos Santos, *Boreal*, Montreal, xaneiro 1974.

No 1975 saíu do prelo *Campo e mar aberto*⁴³, conxunto de contos, poemas e dramatizacións deses contos e deses poemas. A obra divídese en dúas partes nas que se alternan os dous xéneros. Na primeira delas (“Campo aberto”), despois dunha introducción na que se pretende concienciar ó lector do importante que é protexe-la natureza, coñece-los animais e costumes, pásase a falar en prosa e verso das andoriñas, da primavera, a sega e a formiga, dos nenos, das nenas e das nais, e tamén a lembrar contos clásicos de transmisión oral, como “A bela dormente”, “Polgariño”, etc. Na segunda parte (“Mar aberta”), o protagonista principal é o mar, que serve para unir moitos lugares e descubrir novas terras. Con este motivo asistimos á lectura dun romance sobre o descubrimento de América e á descrición da pesca, da estreliña do mar (reproduce o conto co que merecera o 2º premio do Concurso de contos infantís O Facho, 1969), das buguinas, así como á historia de Martín Pescador. Cada un dos relatos, das pezas ou dos poemas van acompañados, na maioría dos casos, por un vocabulario e exercicios para axudar á comprensión dos textos. Este último dato é unha mostra do didactismo co que, conscientemente, a autora quere envolver-la súa obra. Dende este punto de vista cómpre salientar que tódolos relatos e mesmo a maioría dos poemas que forman este conxunto presentan unha clara preocupación por informar, transmitindo os valores morais e relixiosos ó uso, sentimentos patrióticos españois e efectos sentimentalistas en relación coa lingua e co folclórico de Galicia.

A crítica do momento resaltou a imaxinación e tenrura que reve o libro:

La escritora orensana, que tan brillantemente irrumpió hace años en el campo de las letras, consolida ahora su fama con este libro, que es un tesoro de imaginación y ternura, muy propio para las mentes a que va dirigido⁴⁴.

e a máis actual o seu apego ós modelos sociais máis tradicionais⁴⁵.

A propia autora, comentaba (Ourense 1976)

Es difícil que el mismo autor pueda juzgar imparcialmente su obra. En general, creo que hay en todas mis facetas emprendidas un gran amor a Galicia y una nota ligeramente poética o romántica si se quiere, pues en todas ellas dejo traslucir la emoción del sentimiento. No del sentimentalismo, sino del sentir del corazón, de lo que es bueno experimentar espiritualmente. Procuero decir las cosas con la mayor sinceridad, claridad y limpieza posibles, enemiga de frases fuertes y situaciones borrascosas. En este aspecto me considero completamente trasnochada, pero en mí es algo inevitable. Creo que en toda mi obra hay algo de enseñanza en esbozo, a caso por mi condición profesional de educadora. Mi mayor empeño es decir las cosas con belleza y mi aspiración es lograr decirlas, además, con arte. Ignoro si he conseguido alcanzar estos deseos.

No 1976, na IXª convocatoria do premio de contos infantís “O Facho”, obtivo o primeiro premio con *Cascabel, o cabaliño que fuxira do circo*⁴⁶, no que narra as aventuras do cabalo Cascabel dende que foxe do circo, debido ós malos tratos a que o sometía o doma-

(43) Lugo: ilustrado polos nenos da Agrupación escolar de Muxía.

(44) J., *La Voz de Galicia*, 1 febreiro 1976; V., ademais, *El Progreso*, 7 febreiro 1976; *La Voz de Galicia*, 14 outubro 1976.

(45) Ver Carmen Blanco, *Ob. cit.*, p. 199.

(46) Texto recollido no volume *Contos pra nenos* da Agrupación cultural O Facho, Vigo: Galaxia, 1979, no que se inclúen cinco dos contos premiados nas diferentes edicións do citado Concurso, seguindo os anos dos premios e a orde de aparición no volume. Estes contos son os seguintes: *Sabeliña e os ratos*, de Paco Martín, *Zoca zoqueira*, de Xoán Babarro, *O cataventos* de María Victoria Moreno, *O cabaliño que fuxira do circo*

dor por non ser quen de realizar unha acrobacia, ata que volve e se converte na estrela do espectáculo. Na súa saída atópase cunha fada que o dotará duns axóuxeres encantados que ó tocar converten en bo todo o que se produce nese momento. Coñece a un neno orfo que será o seu compañeiro de viaxes por moitos lugares, ata que, ó volver, se converte en domador e Cascabel na estrela, porque ó toca-los seus axóuxeres todo se volve marabilloso⁴⁷. En definitiva trátase dun conto fantástico-realista enchido de tenrura e humor e no que hai unha clara aposta por defende-la liberdade e a autoestima. Nel, como vimos máis arriba, séguense as fórmulas propias dos contos marabillosos.

No 1996 publicou *Contos para nenas e nenos. Circo, estrelas, pinos..., rosas*⁴⁸. Consta este volume de: dous contos xa comentados (*Cascabel, o cabaliño do circo*, 1971 e *Estreliña do Mar*, 1969) que presentan correccións lingüísticas en relación coas primeiras edicións; do titulado *Piñóns de Ouro*, tradución de *Torbi, el leñador* (obra seleccionada no 1960 no concurso de contos “Jauja” de Valladolid e publicada no xornal *Libertad*, de Valladolid o 28 de setembro dese mesmo ano), un relato montado sobre un soño do protagonista o día que ó cumpri-los 14 anos o seu pai o mandou ó monte para segui-lo oficio familiar sen poder atende-lo afán do fillo por estudar unha carreira. No soño o fillo consegue estudar pero ten que volver por non saber face-lo esforzo preciso para conseguilo que un quere e non tira-los cartos. O volume péchase con tres inéditos: *A correr mundo*, *A roseira de Mariquiña* e *O neno e o paxaro*, tres contos que desenvolven temáticas moi próximas ó mundo infantil, protagonizados por animais e nos que se pon de manifesto a importancia da bondade, comprensión, xenerosidade, experiencia, formación, etc.

A este corpus hai que unir tódalas obras, xa citadas, que publicou xunto coa súa irmá Pura, a saber: *Monicreques* (1974), *Oriolos neneiros* (1975), *Ronseles* (1980), *Fantasías infantiles* (1980), *Viaxe ao país dos contos e da poesía* (1985).

Como crítica ou comentarista da actualidade, comezou a escribir en castelá no vespertino *La Noche*, xa no 1948, continuou escribindo para outros xornais e revistas dentro e fóra de Galicia ata completar máis dun milleiro de traballos de temática diversa: creación literaria, sobre literatura, cultura en xeral, cuestións profesionais (didáctica ou pedagóxica), etc.⁴⁹. Parte destes traballos foron recollidos pola autora en volumes como por exemplo: *Mulleres amadas por grandes homes*⁵⁰, *Soñando con Ourense*⁵¹, conxunto de poemas e artigos da autora que teñen como base a cidade das Burgas e no 1996 *A Malpocadiña*.

de Eliseo Alonso. Foi este un libro moi ben acollido no seu momento, como o demostra a súa inclusión, nese ano, na Lista de Honor do IBBY.

(47) Segue neste conto a liña de escritoras castelás, como Marta Osorio, quen dez anos antes, mereceu o premio Lazarillo con *El caballito que quería volar*, onde incide nos valores da autoestima e liberdade persoal, tan tocados pola literatura infantil da década dos sesenta na literatura en lingua catalana e castelá.

(48) Ourense: Gráficas Gutenberg.

(49) Son de salientar, entre as galegas: *La Noche, El Ideal Gallego, La Voz de Galicia, La Región, Vida Gallega, Vagalume, Arquero, Céltiga, Faro de Vigo*; revistas profesionais españolas como, *El Magisterio español, Escuela Española*, nas que chegou a publicar monográficos como *Año Santo Compostelano. Síntesis para el desarrollo de seis lecciones. Enseñanza básica*, Madrid: Ed. Escuela española, marzo 1971, *Vida y Letras, Instus* (Facultad de Filosofía y Letras, Madrid), *Mundo Hispánico, Alborada* (Barcelona); en revistas poéticas estranxeiras como: *Lírica Hispánica* (Caracas), *Poesía de Venezuela* e esporadicamente publicou en *El Universal, Revista Nacional de Cultura* (Caracas), *Boletín de la U.G.* (Venezuela), *Páginas de Caracas, Alberdi, Boreal, índice Literario (Universal), Jornal de Santa María* (Canadá), etc.

(50) Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1994.

(51) Ourense: Concellería de cultura/Concello de Ourense, 1995.

*Memorias*⁵², libro no que fai un percorrido pola súa bio-bibliografía. Esta produción literaria, ensaística e crítica valeulle o ser integrada nas antoloxías e dicionarios españois e estranxeiros.

Como conclusión quero salienta-los trazos que poden servir para recoñecer-la poética destas autoras, pioneiras da literatura infantil e xuvenil galega, nos diferentes xéneros polos que transitan coa súa pluma.

- En canto ás raíces, está clara a dependencia da lírica e narrativa de transmisión oral, tanto na temática coma na forma constructiva, aínda que cunha renovada sensibilidade poética acorde cos tempos. Na forma é de salienta-la utilización de poemas medidos, de arte menor, rimados e musicais (gracias á enumeración e á anáfora), sobre todo naqueles dirixidos á primeira infancia. Cunha progresiva dificultade, con introducción da metáfora, van aparecendo os dirixidos a un lectorado de máis idade.

- A temática axústase á que se considera máis atractiva: a escola, os xogos, a defensa da natureza, etc. aínda que se seguen a ver ideas estereotipadas infantís, poesía de tópicos.

- Preocupación por informar, transmitir-los valores morais e relixiosos ó uso, sentimentos patrióticos e aspectos sentimentalistas en relación coa lingua e cultura máis folclórica do país, sobre todo na obra de Dora.

- Preocupación pola creación de símbolos, sentimento da terra e valoración do propio. Elementos típicos das literaturas de países en proceso de descolonización.

- En canto ó teatro, as pezas infantís son de fácil representación, sen complicación estrutural.

- Finalmente, en canto á lingua empregada, cómpre dicir que é adecuada ó lectorado esperado, dende o punto de vista da complexidade lingüística, pero produce, a nivel formal, un efecto vulgarizante, castelanizante, dialectalizante, etc. Unha lingua que reproduce a inseguridade que, por diversas razóns, invadía o noso idioma nas décadas dos sesenta e setenta. Nos últimos textos das autoras aínda non se reproduce o cambio lingüístico deseñado, por iso esta obra debe, aínda que cada vez menos, ser obxecto dunha revisión lingüística.

Para rematar, é de xustiza dicir que o labor literario destas autoras no ámbito da Literatura infantil e xuvenil galega, tanto en calidade coma en cantidade, é de grande interese, non só polos méritos literarios, moi a ter en conta no momento en que comezan a publicar, senón tamén pola escaseza deste tipo de obras nun tempo no que elas souberon recolle-lo facho de Rosalía Castro e posicionarse a favor dunha literatura dirixida a un lectorado que non existía.

(52) Ourense: Deputación Provincial de Ourense.